

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0228	Aplicacións web	2023/2024	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUIS GONZÁLEZ VARELA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Aplicacións Web" pertence ao ciclo de Formación Profesional de grao medio "Sistemas Microinformáticos e Redes", que ten unha duración de 2.000 horas ao longo de 2 cursos académicos, ao que lle corresponde o título de "Técnico en sistemas microinformáticos e redes". Este módulo impártese durante o segundo curso.

O desenvolvemento curricular de este módulo ten como referencia de partida o Real Decreto 1691/2007, do 14 de decembro (BOE nº 3446 do 17 de xaneiro de 2008), onde se establece o currículo do ciclo "Sistemas Microinformáticos e Redes", que se adapta á comunidade autónoma de Galicia a través do Decreto 27/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en sistemas microinformáticos e redes.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de instalación, configuración e utilización de aplicacións web. Visto o ámbito produtivo de Santiago de Compostela e a súa contorna podemos atoparnos con numerosas empresas que se dedican ao desenvolvemento web. Estas empresas poden ser nun futuro os lugares de traballo dos alumnos do módulo. Polo tanto, o currículo adaptárase ás tecnoloxías máis empregadas neste tipo de empresas, sempre que se garanta que os alumnos que superen o módulo acaden todos os resultados de aprendizaxe establecidos no currículum.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción ás aplicacións web.	Introducción aos conceptos de Internet, a web e arquitectura cliente-servidor	58	30
2	Os xestores de contidos.	Instalación, configuración e manexo dun xestor de contidos	45	30
3	Os servizos de xestión de ficheiros web.	Coñecemento e uso de servizos de xestión de ficheiros na web	10	10
4	Instalar aplicacións de ofimática web.	Emprego de aplicacións ofimáticas web	10	10
5	As aplicacións web de escritorio.	Emprego de aplicacións web de escritorio	10	10
6	Os sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia.	Instalación, configuración e manexo dun sistema de xestión de aprendizaxe a distancia	14	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción ás aplicacións web.	58

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse os requisitos para instalar xestores de contidos.
CA1.3 Realizáronse instalacións de xestores de contidos.
CA1.3.1 Instaláronse servidores web en distintas plataformas.
CA1.3.2 Realizouse a instalación do sistema xestor de bases de datos MySQL.
CA1.12 Definíronse os conceptos básicos relacionados coa rede Internet.
CA1.13 Definiuse o funcionamento dun servidor web.

4.1.e) Contidos

Contidos
As bases de datos na web.
O impacto das redes sociais.
Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web.
Definición dos conceptos básicos relacionados coa rede Internet. (CA1.12)
Definición do funcionamento dun servidor web. (CA1.13)

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os xestores de contidos.	45

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Estableceuse a utilidade dun xestor de contidos.
CA1.2 Identificáronse os requisitos para instalar xestores de contidos.
CA1.3 Realizáronse instalacións de xestores de contidos.
CA1.3.3 Instaláronse os xestores de contidos WordPress.
CA1.3.4 Instaláronse os xestores de contidos Joomla.
CA1.4 Xestionáronse usuarios con diversos papeis.
CA1.5 Personalizouse a interface do xestor de contidos.
CA1.6 Realizáronse tarefas de actualización do xestor de contidos, nomeadamente as de seguridade.
CA1.7 Instaláronse e configuráronse os módulos e os menús necesarios.
CA1.8 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade achegados polo propio xestor de contidos.
CA1.9 Habilitáronse foros e establecéronse regras de acceso.
CA1.10 Realizáronse probas de funcionamento.
CA1.11 Realizáronse copias de seguridade dos contidos do xestor.

4.2.e) Contidos

Contidos
Personalización do contorno empregando as ferramentas propias do xestor de contidos.
Personalización do contorno empregando linguaxes de marcaxe.
Funcionalidades proporcionadas polo xestor de contidos.
Sindicación.
Funcionamento dos xestores de contidos.
Actualizacións do xestor de contidos.

Contidos

Configuración de módulos e menús.

Informes de accesos.

Mecanismos de seguridade.

Copias de seguridade.

Definición dos conceptos básicos: tipos e características.

Instalación en sistemas operativos libres e propietarios.

Creación de usuarios e grupos de usuarios.

Utilización da interface gráfica.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Os servizos de xestión de ficheiros web.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala servizos de xestión de ficheiros web, identifica as súas aplicacións e verifica a súa integridade.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Estableceuse a utilidade dun servizo de xestión de ficheiros web.
CA3.2 Descríbóronse aplicacións de xestión de ficheiros web.
CA3.3 Instalouse e adaptouse unha ferramenta de xestión de ficheiros web.
CA3.4 Creáronse e clasificáronse contas de usuario en función dos seus permisos.
CA3.5 Xestionáronse ficheiros e directorios.
CA3.6 Utilizáronse ficheiros de información adicional.
CA3.7 Aplicáronse criterios de indexación sobre os ficheiros e os directorios.
CA3.8 Comprobouse a seguridade do xestor de ficheiros.

4.3.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
0Comprobación da seguridade do xestor.
Instalación.
Navegación e operacións básicas.
Administración do xestor.
Usuarios e permisos.
Tipos de usuario.
Creación de recursos compartidos.
Creación de informes.
Estrutura de directorios seguindo especificacións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Instalar aplicacións de ofimática web.	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala aplicacións de ofimática web, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Estableceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web.
CA4.2 Descríbense aplicacións de ofimática web (procesador de textos, folia de cálculo, etc.).
CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web.
CA4.4 Xestionáronse as contas de usuario.
CA4.5 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso de usuarios.
CA4.6 Recoñecéronse as prestacións específicas de cada aplicación instalada.
CA4.7 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
Instalación.
Utilización das aplicacións instaladas.
Xestión de usuarios e permisos asociados.
Comprobación da seguridade.
Realización de informes.
Elaboración de documentación orientada á formación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	As aplicacións web de escritorio.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Instala aplicacións web de escritorio, e identifica as súas características e os seus contornos de uso.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbóronse aplicacións web de escritorio.
CA5.2 Instaláronse aplicacións para prover de acceso web o servizo de correo electrónico.
CA5.3 Configúranse as aplicacións para as integrar cun servidor de correo.
CA5.4 Xestionáronse as contas de usuario.
CA5.5 Verificouse o acceso ao correo electrónico.
CA5.6 Instaláronse aplicacións de calendario web.
CA5.7 Recoñécéronse as prestacións específicas das aplicacións instaladas (citas, tarefas, etc.).
CA5.8 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo

4.5.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
Aplicacións de correo web.
Aplicacións de calendario web.
Instalación.
Xestión de usuarios.
Elaboración de documentación orientada á formación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Os sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia.	14

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia, e identifica a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Instaláronse xestores de aprendizaxe.
CA2.2 Recoñeceuse a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada.
CA2.3 Realizáronse modificacións na estética ou no aspecto do sitio.
CA2.4 Manipuláronse e xeráronse perfís personalizados.
CA2.5 Instaláronse e configuráronse novos módulos no sitio.
CA2.6 Comprobouse a funcionalidade das comunicacións mediante foros, consultas, etc.
CA2.7 Importáronse e exportáronse contidos en varios formatos.
CA2.8 Realizáronse copias de seguridade e restauracións.
CA2.9 Realizáronse informes de acceso ao sitio e da súa utilización.
CA2.10 Comprobouse a seguridade do sitio.

4.6.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos: tipos e características.
0Activación de funcionalidades.
Realización de copias de seguridade e a súa restauración.
Realización de informes.
Elaboración de documentación orientada á formación de usuarios.
Elementos lóxicos: comunicación, materiais e actividades.
Instalación en sistemas operativos libres e propietarios.
Modos de rexistro.
Interface gráfica asociada.
Personalización do contorno.

Contidos

Navegación e edición.

Creación de cursos seguindo especificacións.

Xestión de usuarios e grupos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. MÍNIMOS EXIXIBLES

Para acadar unha avaliación positiva no módulo (aprobado), será necesario alcanzar todos os Resultados de Aprendizaxe (RA) especificados no currículo. Para comprobar se se alcanzaron, empregaranse os Criterios de Avaliación (CA) indicados nas Unidades Didácticas (UD), sendo os CA mínimos exigibles indicados no apartado 4c de cada UD.

Levaranse a cabo tres avaliacións parciais e, por último, unha avaliación final.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

5.2.a) NOTA DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA

A cualificación de cada unha das unidades está formada por dúas partes:

- Teoría: 20% do peso na nota da unidade. A parte teórica está formada por probas teóricas ou teórico-prácticas sobre os contidos da Unidade. Estas probas preferentemente serán probas escritas de tipo test, resposta curta ou resposta longa.

- Práctica: 80% do peso na nota da unidade. Actividades, prácticas, resolución de problemas ou proxectos relacionados cos contidos da Unidade que o alumnado deberá entregar en tempo e forma.

No caso de que se realicen en grupo, poderán ter que ser defendidas de xeito oral para individualizar o traballo e a adquisición de competencias por parte do alumnado.

5.2.b) NOTA DUNHA AVALIACIÓN/TRIMESTRE

O módulo está formado por 6 unidades, o peso de cada unidade na nota final do módulo sigue os seguintes porcentaxes:

1. Introducción ás aplicacións web. 30%
2. Os xestores de contidos. 30%
3. Os servizos de xestión de ficheiros web. 10%
4. Instalar aplicacións de ofimática web. 10%
5. As aplicacións web de escritorio. 10%
6. Os sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia. 10%

A cualificación calcúlase de xeito diferente dependendo de cada avaliación:

- A nota da primeira avaliación virá dada pola media ponderada das unidades didácticas impartidas na primeira avaliación, tendo en conta os pesos de cada unidade.

- A nota da segunda avaliación virá dada pola media ponderada das unidades didácticas impartidas na segunda avaliación, tendo en conta os pesos de cada unidade.

- A nota da terceira avaliación virá dada pola media ponderada de todas as unidades impartidas durante o curso académico, tendo en conta os pesos de cada unidade.

Para superar calquera avaliación, é necesario ter todas as unidades desa avaliación superadas, é dicir, un 5 ou máis e cada unha delas. No caso de non ter algunha superada, a nota máxima da avaliación será un 4.

A nota será redondeada para o boletín de notas en base aos requirimentos de formato do XADE.

5.2.c) NOTA FINAL DO MÓDULO

A cualificación final do módulo virá dada pola media ponderada de todas as unidades impartidas durante o curso académico, tendo en conta os pesos de cada unidade. Se a cualificación do módulo é 5 ou máis, pero algunha unidade didáctica está cualificada cunha nota inferior a 5, a nota máxima do módulo será de 4 puntos.

A nota será redondeada para o boletín de notas.

A cualificación final do módulo sempre será igual ou superior á cualificación da terceira avaliación.

5.2.d) RECUPERACIÓN DE UNIDADES NO EXAME DE AVALIACIÓN FINAL

No caso de que algún alumno/a teña suspensa algunha unidade, poderá recuperala no exame da avaliación final.

Se algún alumno ou alumna non se presenta aos exames da primeira, segunda e/ou terceira avaliación, poderá realizar un exame de todas as unidades didácticas no exame da avaliación final, sendo a nota que saque nese exame, a nota final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Durante o curso, ao alumnado que non alcance os mínimos esixibles en cada unidade de traballo entregaránselle para a súa realización actividades guiadas que incidan naqueles aspectos sobre os que atopen con máis dificultades.

Terceiro trimestre

- Aqueles alumnos que suspendan o módulo na 2ª avaliación, deberán realizar as actividades de recuperación previstas durante o terceiro trimestre do curso. Dentro destas farase especial fincapé, naquelas nas que o alumno ou alumna tivese maiores dificultades. Cada alumno/a dedicará o tempo das clases de recuperación a aquelas actividades relacionadas cos contidos nos que non alcance os mínimos esixibles.

Reforzos para lograr a recuperación:

- O alumno ou alumna deberá comparar o resultado das probas realizadas co contido das actividades formativas a fin de que sexa consciente dos erros cometidos durante a realización das probas e das carencias na súa formación.
- Ao alumnado que teña que recuperar algún dos contidos establecidos nas unidades de traballo facilitaráselles as guías paso a paso elaboradas durante as actividades formativas por outros alumnos ou alumnas que obtivesen mellores resultados, revisadas previamente polo profesorado.
- Entregaráselle novas tarefas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para este alumnado contéplase a realización da proba final teórico-práctica sobre os contidos establecidos nesta programación a fin de comprobar que adquiriu os mínimos esixibles para este módulo. Dita proba poderá realizarse ao longo de máis dun día. Para superar o módulo estes alumnos deberán alcanzar unha nota igual ou superior a 5 en todos e cada un dos bloques correspondentes ás avaliacións (aínda que tivesen algunha avaliación aprobada por perder o dereito á avaliación continua con posterioridade á avaliación, deberán realizar todas as preguntas correspondentes a todos os bloques).

A nota da proba suporá o 100% da cualificación por cada bloque. No caso dalgún bloque suspenso seguiranse os mesmos criterios vistos na cualificación final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento da programación, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, farase unha xustificación razoada dos motivos.

- Durante as reunións de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
- Durante todo o curso iranse actualizando aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.
- Ao finalizar cada unidade didáctica, revisarase a correspondencia da programación, anotando as desviacións e analizando as causas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Este módulo pertence ao segundo curso do ciclo, xa que logo o alumnado xa foi avaliado nos módulos correspondentes a o primeiro curso. Tómase como punto de partida os resultados da avaliación destes módulos e colaborárase de xeito activo co Departamento de Orientación. Empregaranse ás primeiras prácticas da Unidade 1 como método de avaliación inicial do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo serán sempre consensuadas co resto do equipo docente do ciclo e co Departamento de Orientación. Estas medidas serán específicas para as necesidades detectadas para as características do alumnado NEAE:

- Adaptarase o ritmo de traballo a fin de que alcancen as capacidades terminais elementais establecidas para o módulo
- Agrupamentos flexibles.
- Eliminación, adaptación ou reelaboración de certas actividades de ensino aprendizaxe que presenten especial dificultade por parte do discente.
- Proposta de repetir (baixo supervisión directa do profesorado) certas actividades especialmente problemáticas.
- Aumento do prazo de entrega de tarefas.
- Colaborar co departamento de Orientación para desenvolver calquera outra medida proposta para que o alumno ou alumna responda globalmente aos obxectivos programados.
- Proporáanse actividades específicas para o alumnado que non consiga adquirir as capacidades indicadas nos obxectivos
- Proporáanse exercicios de consolidación para o alumnado que tendo alcanzado os obxectivos da unidade, teña certas dificultades nalgúns contidos e procedementos
- Estes exercicios serán variables en fondo e forma segundo a actividade da que se trate, e tratarán de fomentar no alumnado o desenvolvemento da creatividade e a lóxica

Medidas de ampliación

- A aquel alumnado que supere amplamente os contidos mínimos, proporáselle exercicios de maior complexidade sobre aspectos de maior dificultade, supervisando a realización correcta dos mesmos

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que unha das nosas metas e a formación integral do alumnado, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo.

- Educación ambiental: evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e o perigo de determinados residuos informáticos.
- Educación moral e cívica: axustarse á lexislación todo o relacionado, por exemplo, o respecto da propiedade intelectual do software, o uso adecuado de Internet...
- Educación para a paz e a convivencia: promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto ás regras de convivencia.
- Educación do consumidor: hai diversidade de empresas comerciais e diversidade de produtos. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Aprendizaxe para a toma de decisións.

Ademais dos contidos incorpórase no módulo a formación noutras áreas prioritarias relativas á súa familiarización con idiomas de referencia na informática ao facilitar vídeos, escritos, documentos, bibliografías, etc. en particular, en inglés, así como promover no alumnado a consulta de páxinas en Internet en distintos idiomas.

Finalmente, o profesorado pode crear un ambiente de diálogo, de debate, de invitación á reflexión no foro que axude a propagar e asentar os anteriores valores.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado dos ciclos de informática e tódalas actividades propostas polo Departamento de Informática.

O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, que ou ben se planifiquen polo departamento ou ben vaian xurdindo no ámbito social e sexan consideradas de interese.